

documento
formativo
de **Isca!**

Historia da Revolución Rusa



isca!

www.iscagz.org

- 1. A Rusia dos tsares**
- 2. Os intelectuais e a tradición revolucionaria**
- 3. A revolución de 1905**
- 4. O ciclo revolucionario de 1917**
- 5. Interrogantes arredor de Outubro de 1917**

A Rusia dos tsares

A mediados do século XVIII, a economía da Rusia tsarista non presentaba diferenzas notables coas dos principais centros europeos. Un século despois, os contrastes eran evidentes. No mundo rural prevaían as técnicas de explotación rudimentarias e as condicións de vida das familias campesiñas eran moi precarias. A estrutura social era de carácter amplamente feudal: a clase dirixente estaba constituída por unha nobreza terratenente que extraía un excedente do campesiñado sometido. Os servos, especialmente os que pertencían aos nobres, estaban obrigados a prestacións en diñeiro, especies ou servizos laborais, ademais os señores gozaban de poderes de vida ou morte sobre eles. Menos dura era a condición dos que vivían nas terras pertencentes á familia imperial ou á Igrexa. Os campesiños, agrupados por familias, integraban a comunidade aldeá que controlaba a distribución e utilización das terras. As dispersas parcelas que cada familia traballaba de forma independente eran repartidas polo *mir* (consello da aldea) para asegurar a subsistencia de cada fogar. A través do *mir*, os campesiños regulaban a súa explotación agrícola e, en certo modo, a comunidade era unha especie de escudo fronte ás exaccións do señor, pero o *mir* tamén lle esixía a cada integrante o cumprimento das súas obrigas. Todo isto constituía a antítese do individualismo agrario. A terra pertencía *de iure* á comunidade e as familias recibían as parcelas para usalas durante determinados períodos, ao cabo dos cales volvían ser redistribuídas.

O illamento, a ignorancia e a pobreza conferían ás aldeas un modo de vida case salvaxe. Segundo o testemuño do escritor Maksim Gorki, quen nacera neste medio e sufrira unha penosa infancia e adolescencia entre os campesiños, «un desexo canino de complacer os fortes da aldea apoderábase deles e entón resultábame desagradable ata os mirar. Ouveábanse salvaxemente os uns aos outros, dispostos a loitar, e loitaban por calquera bobada. Nesos momentos resultaban aterradores».

As accións violentas do campesiñado contra os terratenentes e os axentes estatais atravesaban periodicamente o mundo rural. A liberación dos servos, aprobada polo tsar en 1861, foi concibida como o medio necesario para resgardar a orde social: «É mellor destruír a servidume dende arriba –

manifestou Alexandre II nun encontro con nobres– que esperar o momento en que empece a destruírse a si mesma dende abaixo». O edicto de emancipación liberou os campesiños da súa subordinación á autoridade directa da nobreza latifundista, pero mantívoos suxeitos á terra e sen posibilidades de saír do atraso e da miseria. Os campesiños recibiron para o seu uso, pero non en propiedade privada, só a terra que xa traballaban antes da reforma. O antigo servo tivo que pagar pola súa liberdade. A suma total da compensación tiña que ser aboada en cotas durante 49 anos ao Estado, que indemnizara os grandes propietarios. A medida reforzou o papel de cada *mir*, que se fixo cargo dos pagamentos de redención. Ningún campesiño podía abandonar a aldea sen saldar a súa débeda, e o *mir* asegurábase de que así fora para que o resto non vise acrecentado o importe das súas obrigas. As condicións da emancipación buscaron evitar o desprazamento dos campesiños cara ás cidades: a creación dun proletariado sen terras tamén era percibida como unha ameaza para a orde social.

O sistema ofrecía escasas posibilidades de intensificar a produción agrícola, xa que non permitía agrupar as parcelas en unidades produtivas suxeitas ás iniciativas de medianos propietarios. A liberación dos servos non deu lugar ao xurdimento de propietarios rurais interesados no aumento e a comercialización dos produtos agrarios. A nobreza terratenente decaeu economicamente coa abolición da servidume e só unha minoría de nobres encarou unha transición exitosa cara á agricultura capitalista e orientada ao mercado. A maior parte refuxiouse nos niveis superiores da burocracia estatal para gozar das prerrogativas asociadas a ese servizo. En Rusia non houbo unha revolución agraria –como no caso británico– que expulsase a familia campesiña e que atraese investimentos para aumentar a produtividade do medio rural, contribuíndo así ao proceso de industrialización. Non obstante, o imperio tsarista buscou o desenvolvemento da industria, e fíxoo por outros medios e con outros actores que os que iluminaron a Revolución Industrial británica.

A derrota na guerra de Crimea (1853-1856) e os límites impostos por Francia e Inglaterra ao avance do Imperio ruso nos Balcáns nos anos setenta do século XIX foron as razóns claves que induciron á monarquía a promover a actividade industrial. Se o tsarismo asumiu ese rumbo, a pesar de estar

intimamente ligado cunha nobreza terratenente feudal e coa ausencia dunha burguesía que o premese, foi para manter Rusia como potencia de primeiro nivel. A autocracia propiciou o xiro cara a unha modernización económica na que o Estado xogou un papel central. Ao mesmo tempo, empeñouse en preservar a orde social e política do antigo réxime, sobre o que repousaba o seu inmenso poder.

A industrialización dende arriba recibiu a achega do investimento estranxeiro e en virtude do seu carácter tardío (arranca nos anos sesenta e intensifícase na década dos noventa) contou coa vantaxe de saltar algunhas das etapas iniciais: adoptou a tecnoloxía avanzada doutros países e privilexiou a instalación de unidades con alto nivel de produtividade nas principais ramas da industria pesada. Ao abeiro da instalación de grandes establecementos fabrís, da renovada explotación dos depósitos mineiros e do tendido das liñas férreas, creceu un proletariado industrial que a pesar do seu recente pasado campesiño, moi rapidamente asumiu unha conduta combativa. As folgas de grande escala eran habituais e as demandas dos obreiros eran políticas ademais de económicas. Non obstante, esa actividade industrial altamente avanzada concentrábase nalgúns puntos illados: San Petersburgo (chamada Petrogrado a partir da Primeira Guerra Mundial, e Leningrado despois da morte de Lenin), Moscova, Kiev, Kharkiv e os centros mineiros da conca do Don en Ucraína; Rostov e a cidade petroleira de Bakú ao sur, rodeados por un mar campesiño (o 80% da poboación cando se produciu a revolución).

Nas aldeas, as formas de vida tradicionais foron modificadas moi lenta e indirectamente polos cambios no ámbito urbano e industrial. Aínda que a conservación do *mir*, e con el as formas de explotación agrícola colectiva, frearon os cambios na agricultura, non impediu a súa lenta corrosión. A medida que se estendían as relacións capitalistas, a aldea campesiña viuse cada vez máis suxeita a un proceso de diferenciación social. Os que lograron contar con animais de tiro e encarar o cultivo de extensións de terra máis amplas mediante contratos de aluguer constituíron un estrato rural máis alto, os chamados *kulaks*. Estes eran campesiños máis prósperos e individualistas, que gañaban diñeiro coa comercialización dos seus produtos e que puideron facer préstamos ou ben contratar os aldeáns menos

empresarios ou máis desafortunados. Como a través da emancipación a maior parte das familias recibiu un lote de terras insuficiente para facer fronte aos pagamentos e asegurar a súa subsistencia, unha alternativa foi o traballo andoriña: os homes máis novos deixaban temporalmente a aldea para traballar como asalariados.

As reformas impulsadas dende arriba que contribuíron á modernización de Rusia dende mediados do século XIX ata 1914 estiveron dominadas por unha profunda contradición. Pretendían manter o absolutismo e a estrutura social da que dependían, pero o afán de colocar o Imperio ruso en condicións de competir con éxito co resto das potencias puña en movemento forzas que atentaban contra o réxime existente. En relación con este dilema, as actitudes dos tres últimos Romanov foron diferentes.

O tsar Alexandre II (1855-1881) acompañou o edicto de emancipación dos servos cunha serie de medidas destinadas a organizar o sistema xudicial, mellorar as condicións de vida da poboación mediante a creación de gobernos locais –os *zemstvos*–, e abrir o ingreso na universidade a novos estratos sociais, xunto co afrouxamento da censura. En 1876 levouse a cabo, nunha praza de San Petersburgo, a primeira manifestación de protesta dos estudantes. O «tsar liberador» morreu en 1881 vítima dun atentado terrorista. A represión foi brutal, e os seus sucesores Alexandre III (1881-1894) e Nicolás II (1894-1917) abroqueláronse na preservación dos seus estendidos e arbitrarios poderes. A consigna da monarquía nos anos previos á guerra foi a restauración das tradicións da antiga Rusia. A tenacidade e a cegueira con que o último Romanov se comprometeu con este obxectivo clausuraron toda posibilidade de reforma e contribuíron decisivamente ao derrubamento do réxime a través da revolución.

Os intelectuais e a tradición revolucionaria

Na primeira metade da década de 1870 miles de estudantes decidiron achegarse ao pobo. O movemento non tiña unha condución nin un programa definido, tratábase de cumprir cun deber: axudar os oprimidos. Segundo o relato dun dos seus participantes, «hai que preparar o indispensable e, ante todo, un traballo físico. Póñense todos mans á obra.

Uns distribúense por talleres e fábricas, onde, con axuda de obreiros xa preparados, fanse aceptar e póñense ao traballo. O exemplo impresiona aos seus compañeiros e difúndese. [...] Outros, se non me equivoco foron a maioría, lanzáronse a aprender un oficio, de zapateiro, carpinteiro, ebanista, etc. Son os oficios que se aprenden máis axiña».

O achegamento ao pobo foi a materialización de ideas e sentimentos que fermentaran entre os populistas. Este sector da elite educada rusa, a *intelligentsia* (os seus membros considerábanse unidos por algo máis que polo seu interese nas ideas, compartían o afán por difundir unha nova actitude ante a vida) axuizou severamente a autocracia tsarista e recoñeceu nas bondades do pobo oprimido a clave para saír do atraso e rexenerar as condicións de vida. Este grupo non ten equivalente exacto nas sociedades occidentais, aínda que era unha consecuencia do impacto de Occidente en Rusia. A *intelligentsia* era produto do contacto cultural entre dúas civilizacións dispaes, un contacto favorecido especialmente dende os tempos de Pedro o Grande. Este Romanov, que gobernou de 1628 a 1725, admiraba a cultura e os adiantos de Europa e encarou numerosas reformas no seu imperio co fin de achegalo aos canons occidentais. Da conciencia da distancia entre ambas as dúas culturas alimentouse o afán da *intelligentsia* por levar a cabo a misión que rexenerara a vida rusa atrapada entre o despotismo do goberno e a ignorancia e a miseria das masas.

Os populistas non formaron un partido político nin elaboraron un conxunto coherente de doutrina, senón que deron vida a un movemento radical cunhas formulacións iniciais que se encontran nos círculos que se reuniron arredor de Aleksandr Herzen e Vissarion Belinski nos anos corenta do século XIX. O populismo adquiriu consistencia o abeiro dos disturbios sociais e intelectuais que seguiron á morte do tsar Nicolás I (1825-1855) e á derrota na guerra de Crimea. Expandiuse e gañou influencia a través do movemento *Zemlya i Volya* (terra e liberdade) durante as décadas de 1860 e 1870, e alcanzou a súa culminación co asasinato do tsar Alexandre II, despois do cal decaeu. O seu compromiso co pobo nutríase en boa medida do sentimento de culpa. Nas súas memorias, o anarquista ruso Piotr Kropotkin pregúntase: «Pero que dereito tiña eu a estes altos gozos cando ao meu redor só había miseria e loita por un rancio anaco de pan; cando todo o que gastara para

poder vivir nese mundo de elevadas emocións necesariamente debía quitalo da mesma boca de quen cultivaron o trigo e non teñen pan abondo para os seus fillos?».

Os populistas estaban emparentados cos socialistas franceses na crítica ao capitalismo que xeraba a explotación, alleaba os individuos e degradaba a vida humana. As súas principais metas eran a xustiza e a igualdade social, e para chegar elas era preciso liberar a aldea campesiña da opresión e a explotación a que a sometían a nobreza e o Estado. O xerme da futura sociedade socialista xa existía na comuna rural. O *mir* era a asociación libre de campesiños que acordaban o uso da terra e compartían os seus esforzos. Esta forma de cooperación, segundo os populistas, ofrecíalle a Rusia a posibilidade dun sistema democrático que tiña as súas raíces nos valores tradicionais do campesiñado. Dende esta perspectiva, o seu afán por superar o atraso ruso non os conduciu a propoñer o camiño da industrialización; pola contra, o alto grao de opresión e embrutecemento que recoñecían en Occidente levounos a descartar a vía do capitalismo como antesala do socialismo. Dende a súa concepción, o progreso social ou económico non estaba inexorablemente ligado á revolución industrial.

O achegamento ao pobo non desembocou no levantamento das aldeas, os campesiños «escoitaran con sorpresa, estupor e ás veces con desconfianza a aqueles estraños peregrinos»; o goberno reprimiunos duramente. No congreso de 1879, os *narodniki* dividíronse. O grupo Vontade do Pobo (*Naródnaya Volya*) abandonou a idea da revolución baseada na acción política do campesiñado para asumir o terrorismo, e Repartición Negra (*Chiorni peredel*) opúxose esta viraxe.

En 1881 Vontade do Pobo, despois de varios intentos frustrados (a voadura do tren en que viaxaba o tsar a finais de 1879 ou a colocación de explosivos no comedor do Pazo de Inverno en febreiro de 1880) puxo fin á vida de Alexandre II e deu lugar a unha política represiva moito máis brutal. Seis anos despois, un grupo de mozos fracasou no atentado contra o seu sucesor. Os terroristas foron apresados e entre os condenados a morte figuraba Aleksandr Uliánov, o irmán maior de Lenin. As principais figuras de Repartición Negra, Georgi Plekhanov, Vera Zasúlich e Pável Axelrod,

exiliáronse, revisaron as súas ideas e a principios da década de 1880 fundaron o grupo Emancipación do Traballo (*Osvobozhdenie trudá*), de orientación marxista. A partir da súa adhesión ás ideas de Marx, Plekhanov refutou o socialismo esgrimido por populistas como Herzen, o anarquismo de Bakunin e o vangardismo dos grupos que propuñan tomar o poder antes de que existise unha burguesía consolidada, como o caso de Piotr Tkachov, con quen tamén discutiu Engels.

Os revolucionarios rusos, antes da súa conversión ao marxismo, seguiron con atención a obra de Marx. Cando en 1868 un editor de San Petersburgo lle anunciou a Marx que a tradución rusa de *O capital* xa estaba en imprenta, este mostrouse escéptico: “non” hai que facer moito caso deste feito: a aristocracia rusa pasa a súa xuventude estudando nas universidades alemás ou en París, busca con verdadeira paixón todo o que Occidente lle ofrece de extremista [...] isto non impide que os rusos, ao entrar ao servizo do Estado, se convertan nuns canallas. Non obstante, avanzaouse cada vez máis no exame do desenvolvemento económico en Rusia, ao punto de que este estudo, atrasou a redacción de *O capital*.

En 1881, Vera Zasúlich escribiulle a Marx unha carta impulsada pola inquietude sobre o futuro do socialismo no seu país: era posible que se xerara sobre a base da comuna rural ou habería que esperar o rematado desenvolvemento do capitalismo? Existía unha necesidade histórica que obrigaba a todos os países do mundo a atravesar todas as fases da produción capitalista antes de chegar ao socialismo? Antes de contestar, Marx escribiu tres borradores; na resposta definitiva afirmou que o xurdimento do capitalismo non é inevitable fóra de Europa occidental, pero a cuestión sobre a chegada do socialismo quedou flotando.

O contido da carta que Engels escribiu a Zasúlich, sete anos despois, é máis contundente: a estrutura social é a que modela a historia, sexan cales foren as intencións dos homes. Cando as estruturas son precarias, «a xente que acenda a mecha será varrida pola explosión [...] Quen se xactan de ter feito unha revolución, sempre comprobaron ao día seguinte que non tiñan idea do que estaban a facer, que a revolución que eles fixeron non se asemella en nada á que quixeron facer».

A formación de grupos marxistas en Rusia na década de 1890 foi alentada por intelectuais que seguían anhelando o cambio pero rexeitaban a vía terrorista e a crecente gravitación da clase obreira ao abeiro da rápida industrialización deses anos. Os marxistas, a diferenza dos populistas, non rexeitaron a modernización asociada ao crecemento da industria: só este proceso, xa en marcha, ofrecería a base sólida para dar curso á revolución socialista. Polemizaron cos populistas sobre o carácter socialista da aldea rural: o avance das relacións capitalistas no ámbito agrario desintegrara a comunidade e no seu interior afirmábanse as marcadas desigualdades entre o campesiñado pobre e os *kulaks*. Os campesiños acomodados defendían a propiedade privada e resistirían a todo proxecto socialista.

Na última década do século, os marxistas achegáronse aos obreiros para facerlles coñecer as súas ideas a través da formación de grupos de estudo. No congreso clandestino reunido en Minsk en 1898 aprobouse a creación do Partido Socialdemócrata Ruso dos Traballadores, que se comprometeu a organizar a loita sindical e política da clase obreira. O alto número de folgas do período 1890-1914 e a súa destacada pegada política puxeron en evidencia o carácter revolucionario do proletariado ruso. Non cabe atribuír este trazo á actividade do pequeno partido, senón máis ben ás condicións e ás experiencias a través das que a devandita clase afirmou a súa identidade: a temperá percepción das súas propias forzas nun contexto que excluía a posibilidade da negociación e só deixaba aberta a vía da confrontación.

Do segundo congreso do partido, en 1903, este saíu dividido en dúas tendencias: os menxeviques (minoría), encabezados por Julius Martov, e os bolxeviques (maioría) dirixidos por Lenin. Isto correspondeuse co resultado da votación sobre unha cuestión menor: a composición do comité editorial do xornal do partido.

O debate de maior peso deuse arredor dos estatutos do partido. A diferenza entre os textos presentados por Lenin e Martov era en principio mínima, pero a definición do afiliado remitía ao tipo de forza política que se pretendía crear. A proposta de Martov pretendía un amplo partido aberto á inclusión dos simpatizantes; a de Lenin, un pequeno partido de

revolucionarios profesionais, organizados e disciplinados. En relación con este tema, Trotski pronunciouse a favor de Martov.

Este primeiro choque foi só a punta do iceberg. Unha e outra tendencia sostíñan posicións encontradas que se foron precisando a partir da crise revolucionaria de 1905 sobre as posibilidades da revolución rusa e o proceso de construción do socialismo. Os menxeviques adherían os postulados máis ortodoxos do marxismo e eran máis pesimistas: o socialismo non tería cabida ata que a revolución democrática burguesa concretase os cambios económicos, sociais e políticos necesarios para o seu arraigamento. Dende este diagnóstico mostráronse dispostos a colaborar coa burguesía liberal na loita contra o antigo réxime. Nos bolxeviques prevaleceu o voluntarismo político: a crise do tsarismo e as tensións desatadas pola guerra ofrecían a oportunidade de levar a cabo a revolución. A concepción de Trotski tiña maior afinidade con esta visión, razón pola cal acabou apartándose dos menxeviques para unirse ao grupo de Lenin.

A revolución de 1905

O curso desfavorable da guerra contra o Xapón (1904-1905) e as penurias asociadas a ela desembocaron na revolución de 1905. O 9 de xaneiro dese ano (o «domingo sanguento») unha manifestación obreira composta por 200.000 homes, mulleres e nenos, encabezada polo carismático pai Gabón e que cantaba «Deus salve o tsar», foi violentamente reprimida. A mobilización dos traballadores ampliouse e afondou. A mediados de outubro, a folga xeral en San Petersburgo conduciu á creación do primeiro soviets ou consello integrado polos delegados dos traballadores elixidos nas fábricas.

Sumáronse representantes dos partidos revolucionarios: menxeviques, bolxeviques e socialistas revolucionarios. Trotski, que aínda se adhería á tendencia menxevique, foi un dos seus líderes. Á mobilización dos obreiros sumáronse, dende mediados de 1905, os levantamentos dos campesiños que atacaron as terras e as propiedades dos grandes señores. Unha das accións máis resoantes foi a dos mariñeiros do acoirazado Potemkin, os que, fartos de malos tratos e de ser obrigados a alimentarse con alimentos en

mal estado, en xuño decidiron sublevarse. No marco da agudización do conflito social, os liberais premeron sobre a autocracia para que aceptase recortar parte das súas prerrogativas e permitise a instauración dun réxime constitucional.

O tsarismo sobreviviu combinando a represión cunha serie de medidas destinadas a gañar tempo e dividir as forzas que coincidiran na impugnación do réxime. En outubro, Nicolás II deu a coñecer o manifesto en que prometía crear un parlamento electivo nacional, a *Duma*. A medida dividiu os liberais: os octubristas mostráronse compracidos, mentres que os demócratas constitucionais (cadetes) pretenderon reformas máis avanzadas. Pero a revolución liberal perdeu forza e os dirixentes deste campo abocáronse á organización dos partidos que intervirían nas eleccións para a *Duma*. No curso do mes decembro os soviets de San Petersburgo e o de Moscova foron disoltos pola policía. En Moscova, onde os bolxeviques tiveron un destacado peso, a clase obreira resistiu coas armas e houbo moitos mortos.

Fronte á estendida insurrección campesiña, o tsar deu curso ao programa deseñado polo ministro Stolypin, que alentaba a expansión dos *kulaks* e a liquidación do *mir*. O fortalecemento dos campesiños propietarios das súas terras foi impulsado como a vía máis apropiada para lograr a estabilidade social. O Estado interveu nesta empresa mediante a concesión de créditos que favoreceron a compra e a concentración das parcelas a cargo da comunidade por parte dos *kulaks*. Estes non só abandonaron a comunidade cos seus anacos de terra ampliados, ademais compraron os terratenentes desexosos de vender despois da insurrección campesiña. A reforma acentuou e acelerou o proceso de diferenciación social no medio rural.

O fin da guerra co Xapón e a restauración da orde permitíronlle ao tsar recortar as atribucións da *Duma* e seguir aferrado á defensa do antigo réxime.

O ciclo revolucionario de 1917

En 1917 houbo dúas revolucións. A de febreiro fixo supoñer que Rusia, con atraso, seguiría o camiño xa transitado en Europa occidental: a eliminación

do absolutismo para posibilitar o cambio social e político cara a unha democracia liberal. Non obstante, a acción dos bolxeviques en outubro clausurou un proceso neste sentido. Por outra parte, nin as condicións sociais e económicas, nin a fisionomía da cultura política rusa ofrecían un terreo propicio para a construción dunha orde democrática burguesa. Cando as masas ocuparon as rúas a finais de febreiro, case ninguén lle atribuíu á mobilización o carácter revolucionario que chegaría a ter. Ao igual que acontecera coa Revolución Francesa, a soviética foi tomada ao principio como unha protesta irada. O curso dos feitos non só sorprendeu o tsar, a corte e a oposición liberal: os militantes revolucionarios tampouco esperaban a inminente caída do tsarismo. Lenin, por exemplo, chegaba á estación Finlandia de Petrogrado en abril de 1917 despois da abdicación do tsar; tivera que atravesar apresuradamente Alemaña nun vagón blindado proporcionado polo estado maior alemán.

O 23 de febreiro gran parte dos obreiros de Petrogrado foron á folga. As mulleres, que por aquel entón estaban confinadas aos labores do fogar, saíron á rúa a participar en manifestacións (coincidindo co Día Internacional da Muller). A xente asaltou panadarías, pero os disturbios non tiveron graves consecuencias. Ao día seguinte proseguiu a folga. Os manifestantes romperon os cordóns da policía e chegaron ao centro da cidade: pedían pan, paz e terras. O 25 de febreiro todas as fábricas da capital quedaron paralizadas. Para reprimir os manifestantes enviáronse tropas militares, pero aínda que houbo algúns encontros, os soldados evitaron disparar contra os obreiros.

O tsar deu a orde de disolver a *Duma*. Os seus integrantes non se reuniron, pero formaron un comité para seguir a marcha dos acontecementos. Nicolás II insistiu en que se esmagase o movemento revolucionario e os xefes militares ordenaron á tropa que disparase contra a multitude. Os soldados celebraron reunións nos cuarteis e negáronse a reprimir. As forzas que o tsar ordenara vir dende a fronte non chegaron porque os ferroviarios interromperon os transportes. Nicolás II abdicou e os integrantes da *Duma* nomearon un goberno provisional presidido polo príncipe liberal Georgy Lvov. Entre os membros dese goberno non figuraban os socialistas, só Aleksandr Kérenski, a título persoal, fíxose cargo da carteira de xustiza. O

gobierno provisional duraría ata que unha asemblea elixida polos cidadáns aprobase a carta constitucional do novo réxime. Non obstante, a caída do tsarismo deu paso á existencia dun poder dual: xunto ao goberno provisional, representante das clases medias liberais atemorizadas e desorganizadas, emerxeron os soviets, cun poder fundado no seu contacto directo coa clase obreira armada e radicalizada. O soviet non tiña ningún título legal no que apoiar a súa autoridade, senón que representaba ás forzas mobilizadas que fixeran triunfar a revolución: os obreiros, os soldados e os intelectuais. Os que integraban o soviet proviñan das eleccións levadas a cabo nas fábricas e os corpos militares, non tiñan mandato por tempo fixo e podían ser revogados en calquera momento se a súa xestión era desaprobada por aqueles a quen representaban. O goberno provisional só podía exercer as súas funcións se contaba coa colaboración do soviet de Petrogrado e os das provincias. Inicialmente, os partidos que lograron un maior grao de inserción nestes organismos foron os menxeviques e os social-revolucionarios; en cambio, os bolxeviques eran minoría.

Lenin estaba decidido a impedir a consolidación dun poder burgués e cando chegou a Rusia propuxo entregar «todo o poder aos soviets». Esta consigna, difundida a través das Teses de Abril, desconcertou os menxeviques, que se mostraban cada vez máis dispostos a colaborar co goberno provisional e desexaban que fose a asemblea constituínte a que finalmente sentara as bases dun réxime democrático. Pero tamén se sorprenderon moitos dos camaradas de Lenin: os bolxeviques moderados, coincidindo cos menxeviques, consideraban un desatinado salto ao baleiro a arremetida contra unha orde burguesa liberal.

Non obstante, a profundidade da crise e o rumbo cauto e oscilante do goberno provisional conduciron as forzas sociais mobilizadas a tomar crecente distancia deste e a desconfiar dos seus propósitos. O tsar caera, pero a guerra e as privacións continuaban, os campesiños non recibían as terras, temíase que os tsaristas desen un golpe e non había garantías sobre a capacidade de reacción do goberno provisional. Os soviets, en cambio, contaban co decidido recoñecemento das masas radicalizadas.

Entre febreiro e outubro os bolxeviques gañaron posicións nos soviets, e en xullo columnas de obreiros contrarios ao goberno burgués pediron a súa axuda para traspasar todo o poder aos soviets; o goberno encabezado por Kérenski reprimunos baixo a acusación de ter pretendido dar un golpe. Os bolxeviques volveron ocupar un lugar central no escenario político en virtude da súa decidida e eficaz intervención na resistencia ao ambiguo intento de golpe do xeneral Kornilov en agosto. Non obstante, aínda estaban lonxe de ser a opción política dominante no campo socialista, xa que se ben no seo da clase obreira máis organizada recollían máis adhesións que os menxeviques, no medio rural o partido maioritario era o dos social-revolucionarios.

Chegado setembro, Lenin acordou que o problema fundamental de toda revolución é, indubidablemente, o problema do poder. O decisivo é que clase ten o poder.

Non se pode esquivar nin apartar o problema do poder, pois é precisamente o problema fundamental que determina todo no desenvolvemento da revolución, na súa política exterior e interior. É un feito indiscutible que revolución «gastou inutilmente» seis meses en vacilacións a respecto da organización do poder, orixinado pola política vacilante dos eseristas e dos menxeviques. Pero, á súa vez, a política destes partidos foi determinada, en última instancia, pola posición de clase da pequena burguesía e pola súa inestabilidade económica na loita entre o capital e o traballo.

Fronte ao crecente baleiro de poder, en outubro, Lenin resolveu rematar co débil goberno provisional. Antes de que se reunise o Segundo Congreso dos Soviets, o seu partido debía tomar o Pazo de Inverno. O xefe político dos bolxeviques, como en abril, volveu sorprenden os seus camaradas. Dous membros do Comité Central bolxevique, Grigori Zinoviev e Lev Kámenev, manifestaron o seu desacordo a través da prensa. A pesar do carácter público tomado pola orde de Lenin, o goberno provisional foi incapaz de organizar a súa defensa e no mesmo momento en que os delegados de toda Rusia chegaban á sede do congreso soviético, os bolxeviques –co apoio dos obreiros armados– ingresaron no Pazo de Inverno e detiveron os ministros. Kérenski partira á fronte para buscar reforzos militares que impedisen o éxito do golpe.

Entre o 25 e 26 de outubro non houbo unha xornada gloriosa, os bolxeviques tomaron o poder que ninguén detiña. A mítica acción revolucionaria foi unha construción posterior inducida polos bolxeviques e con fondo arraigamento no imaxinario sobre o Outubro vermello.

O Segundo Congreso dos Soviets aprobou a destitución do goberno despois dun tenso debate no que menxeviques e parte dos social-revolucionarios expresaron o seu desacordo coa conduta bolxevique, que dividía o campo socialista. O poder quedou en mans do Consello de Comisarios (*Sovnarkom*) integrado só por bolxeviques, a pesar das resistencias de sectores do movemento obreiro e de membros do Comité Central do partido gobernante. Pouco despois, en virtude da división dos social-revolucionarios nunha á de dereita e outra de esquerda, estes últimos ocuparon dous ministerios ata marzo de 1918.

Outubro deu por pechado o ciclo iniciado en febreiro: en Rusia xa non habería espazo para unha revolución democrática liberal e os socialistas partidarios desta vía foron decididamente expulsados do poder, que quedou en mans do máis radical e disciplinado partido da esquerda, o liderado por Lenin.

A firma do armisticio con Alemaña asegurou ao novo goberno unha gran popularidade entre obreiros e soldados e a repartición das terras entre as familias campesiñas permitiulle contar coa máis cauta adhesión do campesiñado. O apoio da clase obreira quedou reflectido nos excelentes resultados dos bolxeviques nos principais centros industriais nas eleccións de novembro á asemblea constituínte. Porén, estivo lonxe de obter a maioría no medio rural: aquí o groso dos votos recolleuno o Partido Social-revolucionario, que recibiu o apoio masivo do campesiñado rural. En xaneiro de 1918, a asemblea só durou unhas horas. Lenin decidira que os soviets eran «unha forma de democracia superior» á encarnada pola asemblea constituínte. A súa disolución sinalou o momento da desaparición do bolxevismo moderado, e o estrépito dos disparos que recibiron as decenas de miles de persoas que demostraron o seu apoio a este foro dá conta do desexo dos bolxeviques de empurrar a revolución non só contra os

propietarios, senón tamén contra os socialistas moderados que aínda contaban cun amplo respaldo popular.

A firma da paz de Brest-Litovsk con Alemaña demorouse no tempo, e cando finalmente os bolxeviques aceptaron o humillante tratado, os seus compañeiros de goberno, os social-revolucionarios de esquerda, romperon a alianza e atentaron contra a vida do embaixador alemán para impedir que o acordo se concretase. A partir de marzo de 1918, o goberno soviético quedou baixo o exclusivo control do partido monolítico.

A produción escrita sobre esta dobre revolución é enorme: dende o momento en que o outubro bolxevique deu un xiro drástico ao camiño que liberais e gran parte dos socialistas emprenderon en febreiro, o debate xirou arredor de por que e como os bolxeviques puxeron fin ao goberno provisional: foi unha revolución ou un golpe?, o partido expresaba os intereses da clase obreira ou foi o afán de poder da súa cúpula, especialmente de Lenin, a motivación decisiva?, se Rusia, segundo as ideas de Marx, non contaba cos requisitos para avanzar cara ao socialismo, en que contexto e a través de que argumentos unha fracción dos marxistas rusos puxo en marcha unha revolución socialista?

Interrogantes arredor de Outubro de 1917

Parte dos interrogantes que percorren a produción historiográfica formuláronse no mesmo momento en que se produciu a toma do Pazo de Inverno. A modo de exemplo rexistramos o testemuño do xornalista e militante socialista John Silas Reed.

«Durante os primeiros meses do novo réxime, en efecto, a pesar da confusión conseguinte a un gran movemento revolucionario como o que acababa de liberar un pobo de 160 millóns de homes –o máis oprimido do mundo enteiro– a situación interior, así como a potencia combativa dos exércitos, melloraron sensiblemente.

Pero esta “lúa de mel” durou pouco. As clases posuidoras querían unha revolución soamente política que arrancase o poder ao tsar e llelo entregase

a elas. Querían facer de Rusia unha república constitucional ao xeito de Francia ou dos Estados Unidos, ou mesmo unha monarquía constitucional como a de Inglaterra. Agora ben, as masas populares querían unha verdadeira democracia obreira e campesiña.

Foi así como se desenvolveu en Rusia, no curso mesmo dunha guerra exterior e inmediatamente despois da revolución política, a revolución social que rematou co triunfo do bolxevismo.

Os estranxeiros, particularmente os norteamericanos, insisten con frecuencia sobre a ignorancia dos traballadores rusos. É certo que estes non posuían a experiencia política dos pobos occidentais, pero estaban notablemente preparados no que concirne á organización das masas. En 1917, as cooperativas de consumo contaban con máis de doce millóns de afiliados. O mesmo sistema dos soviets é un admirable exemplo do seu xenio organizador. Ademais, probablemente non haxa na Terra un pobo que estea tan familiarizado coa teoría do socialismo e as súas aplicacións prácticas.

Moitos autores xustificaron a súa hostilidade ao goberno soviético co pretexto de que a última fase da revolución non foi outra cousa que unha loita defensiva dos elementos civilizados da sociedade contra a brutalidade dos ataques dos bolxeviques.

Agora ben, foron precisamente eses elementos, as clases posuidoras, os que, ao ver crecer o poderío das organizacións revolucionarias da masa, decidiron destruílas custase o que custase e poñer unha barreira á revolución. Dispostos a alcanzar os seus obxectivos, recorreron a manobras desesperadas. Para derrubar o ministro Kérenski e aniquilar os soviets desorganizaron os transportes e provocaron perturbacións interiores, para reducir os Comités de fábrica pecharon as fábricas e fixeron desaparecer o combustible e as materias primas, para rematar cos Comités do exército restableceron a pena de morte e trataron de provocar a derrota militar.

Isto era, evidentemente, botar aceite, e do mellor, ao lume bolxevique. Os bolxeviques responderon predicando a guerra de clases e proclamando a supremacía dos soviets.

Entre estes dous extremos, máis ou menos ardorosamente apoiados por grupos diversos, encontrábanse os chamados socialistas «moderados», que incluían os menxeviques, os social-revolucionarios e algunhas faccións de menor importancia. Todos estes partidos estaban igualmente expostos aos ataques das clases posuidoras, pero a súa forza de resistencia achábase quebrantada polas súas mesmas teorías.

Os menxeviques e os social-revolucionarios consideraban que Rusia non estaba madura para a revolución social e que só era posible unha revolución política. Segundo eles, as masas rusas carecían da educación necesaria para tomar o poder e calquera tentativa neste sentido non faría senón provocar unha reacción a favor da cal un aventureiro sen escrúpulos podería restaurar o antigo réxime. Por conseguinte, cando os socialistas «moderados» se visen obrigados polas circunstancias a tomar o poder, non ousarían facelo.

Crían que Rusia debía percorrer as mesmas etapas políticas e económicas que a Europa occidental, para chegar, á fin e ao mesmo tempo que o resto do mundo, ao paraíso socialista. Así mesmo, estaban de acordo coas clases posuidoras en facer primeiro de Rusia un estado parlamentario, aínda que un pouco máis perfeccionado que as democracias occidentais, e, en consecuencia, insistían na participación das clases posuidoras no goberno. De aí a practicar unha política de colaboración non había máis que un paso. Os socialistas «moderados» necesitaban da burguesía, pero a burguesía non necesitaba dos socialistas «moderados». Os ministros socialistas víronse obrigados a ir cedendo, pouco a pouco, a totalidade do seu programa a medida que as clases posuidoras se mostraban máis urxentes.

Finalmente, cando os bolxeviques botaron abaixo todo ese oco edificio de compromisos, menxeviques e social-revolucionarios encontráronse na loita ao lado das clases posuidoras. En todos os países do mundo, máis ou menos, vemos producirse hoxe o mesmo fenómeno.

Lonxe de ser unha forza destrutiva, semella que os bolxeviques eran en Rusia o único partido cun programa construtivo e capaz de impoñer ese programa ao país. Se non triunfasen no momento en que o fixeron, non hai apenas dúbida para min de que os exércitos da Alemaña imperial entrarían en Petrogrado e Moscova en decembro, e de que un tsar cabalgaría hoxe de novo sobre Rusia.

Aínda está de moda, despois dun ano de existencia do réxime soviético, falar da revolución bolxevique como dunha «aventura». Pois ben, se é necesario falar de aventura, esta foi unha das máis maravillosas en que se empeñou a humanidade, a que lle abriu ás masas laboriosas o terreo da historia e fixo depender todo, en diante, das súas vastas e naturais aspiracións. Pero engadamos que, antes de novembro, estaba preparado o aparato mediante o cal poderían distribuírse aos campesiños as terras dos grandes terratenentes; tamén estaban constituídos os Comités de fábrica e os sindicatos que haberían de realizar o control obreiro da industria, e cada cidade e cada aldea, cada distrito e cada provincia tiñan os seus soviets de deputados obreiros, soldados e campesiños dispostos a asegurar a administración local.

É innegable que a Revolución Rusa é un dos grandes acontecementos da historia da humanidade, e a chegada dos bolxeviques ao poder, un feito de importancia mundial. Así como os historiadores se interesan por reconstruír, nos seus menores detalles, a historia da Comuna de París, do mesmo modo desexarán coñecer o que sucedeu en Petrogrado en novembro de 1917, o estado de espírito do pobo, a fisionomía dos seus xefes, as súas palabras e os seus actos. Pensando neles, escribín eu este libro.

Durante a loita, as miñas simpatías non eran neutrais. Pero, ao trazar a historia destas grandes xornadas, procurei estudar os acontecementos como un cronista concienciado, que se esforza por reflectir a verdade¹».

¹ REED, JOHN (1919): *Ten days that shook the World* (Dez días que estremeceron ao mundo)